

3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números **G1** e **G12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Sinale a frase correcta:

- A) Que te pasou que tes esa vendaxe tan aparatosa? – Caí omte da bicicleta e rompín a nariz
- B) Que che pasou que tes esa vendaxe tan aparatosa? – Caín onte da bicicleta e rompín o nariz.
- C) Que che pasou que tes ese vendaxe tan aparatoso? – Caín onte da bicicleta e rompí a nariz.
- D) Que te pasou que tes ese vendaxe tan aparatoso? – Caín omte da bicicleta e rompí o nariz.

2. Sinale a frase correcta:

- A) Cando parecía que a tiña no bote, marchouse e deixouno ca mel nos beixos.
- B) Cando parecía que tíña no bote, marchou e o deixou co mel nos labros.
- C) Cando parecía que tíña no bote, se marchou e o deixou ca mel nos labios.
- D) Cando parecía que a tiña no bote, marchou e deixouno co mel nos beizos.

3. Cada un dos dous ósos case planos e en forma de triángulo situados a ambos lados das costas, na parte posterior dos ombros:

- A) Omóplato.
- B) Omoprata.
- C) Omóprato
- D) Omoplata.

4. Parte externa da articulación do fémur coa tibia:

- A) Rodela.
- B) Cobado.
- C) Xeonllo.
- D) Nocelo.

5. Sinale a serie correcta:

- A) Agua, merluza, patatas, pulpo, ternera.
- B) Auga, patacas, pescada, polbo, tenreira.
- C) Agua, batatas, pescada, polvo, vitela.
- D) Auga, melruza, papas, pólipo, terneira.

6. Inflamación do esófago:

- A) Esofagitis.
- B) Esofagite.
- C) Esofaxitis.
- D) Esofaxite.

7. Tumor maligno formado pola proliferación de células dun tecido ou dun órgano:

- A) Cáncer.
- B) Cancro.
- C) Cancre.
- D) Cancrinoma.

8. Acumulación anormal de líquido, en particular de sangue, nunha parte do corpo:

- A) Derrame.
- B) Derramo.
- C) Derreado.
- D) Hemorragia.

9. Sinale a serie conxugada correctamente:

- A) Eu obedezo, ti traduciches, ela le, nós oimos, vós andaches, eles reiran.
- B) Eu obedezco, ti traducistes, ela lee, nós oímos, vós andastes, eles riran.
- C) Eu obedezco , ti traduciches, ela le, nós oiamos, vós andastes, eles riran.
- D) Eu obedezco, ti traducheste, ela lei, nós oigamos, vós andásteis, eles riren.

10. Persoa que exerce a cirurxía:

- A) Cirurxiá.
- B) Cirurxá.
- C) Cirurxano.
- D) Ciruxano.

Preguntas de reserva

1. Especie de botón que sobresa das mamas, por onde as crías chuchan o leite:

- A) Pezó.
- B) Mamila.
- C) Bico.
- D) Pezón.

2. Tecido animal resistente e elástico que recobre as superficies óseas das articulacións:

- A) Cartilaxo
- B) Cartilaxe
- C) Cartilago
- D) Cartílagos